

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 2 DE MAIO DE 2012

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día dous de maio deste ano, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, DON JOSÉ CLEMENTE LÓPEZ OROZCO, e coa asistencia dos Ilmos. señores concelleiros DON XOSÉ ANTÓN BAO ABELLEIRA, DONA SONIA MÉNDEZ GARCÍA, DON LUIS MANUEL ÁLVAREZ MARTÍNEZ, DONA MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, DON LINO JOSÉ GONZÁLEZ-DOPESO GARCÍA, DONA PAZ ABRAIRA SOBRADO, DON JOSÉ MANUEL DÍAZ GRANDÍO e DON FRANCISCO JOSÉ FRAGA LÓPEZ. Actúa como Secretario o Concelleiro-Secretario da Xunta de Goberno Local, don Lino José González-Dopeso García, e asisten á sesión o Secretario Xeral do Pleno, don José Antonio Carro Asorey, e o Interventor Xeral Municipal, don Marcial Rodríguez Toajas, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

ACTA.- Apróbase a acta da sesión da Xunta de Goberno Local, correspondente ao día 25 de abril de 2012.

ÁREA DE URBANISMO

1. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase a execución de sentenza ditada o 24 de abril de 2009 polo Xulgado do Contencioso-Administrativo número 1 de Lugo, en relación co procedemento ordinario número 445/2008-A.

Acórdase a concesión das seguintes licenzas: para rehabilitación de edificio na rúa Nova, 87 e para construción de vivenda unifamiliar illada vinculada a explotación agrícola na estrada de Friol, P.K. 0,3 As Areeiras.

Do mesmo xeito, acórdase a denegación das licenzas de obra: para a instalación de estación base de telefonía móbil na rúa San Pedro, número 5 e para a instalación de estación base de telefonía móbil na rúa Cornubia, número 5.

Así mesmo, acórdase a concesión da licenza de primeira utilización para unha nave industrial, sita na avenida Benigno Rivera, número 52, con licenzas de obra números 201/93, 349/97, 825/06 e 349/07.

2. XESTIÓN.- Acórdase a imposición da cuarta multa coercitiva no expediente de “Orde de execución de obras no inmovible número 42 da rúa Xulia Minguillón”.

ÁREA DE ALCALDÍA, RECURSOS HUMANOS E PROTECCIÓN DA COMUNIDADE

ACTAS E GOBERNO

JACA/cvr

Refª: 12extractoxg18.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 2-5-2012

3. PERSOAL.- Acórdase o recoñecemento de servizos extraordinarios realizados por persoal adscrito á Escola Infantil “Gregorio Sanz” e a aprobación da forma de compensación.

ÁREA DE ECONOMÍA, EMPRENDEMENTO, AUTÓNOMOS E EDUCACIÓN

4. CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.- Acórdase a aprobación do prego de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e a adxudicación por procedemento negociado contratación da prestación integral de actividades do servizo de prevención de drogodependencias do Concello de Lugo, exercicio 2012 e a apertura do procedemento de adxudicación.

5. FACENDA LOCAL.- Acórdase a regularización da situación tributaria en concepto de imposto sobre construcións, instalacións e obras, ao ter por desistida á entidade mercantil da solicitude de bonificación do 50% da cota do imposto pola construción dunha nave de uso comercial no Parque Empresarial das Gándaras, ao non achegar a preceptiva documentación no prazo legal concedido para o efecto.

Tamén se acorda a regularización da situación tributaria en concepto de taxa pola prestación de servizos urbanísticos e imposto sobre construcións, instalacións e obras, ao denegarse a licenza solicitada para construción de garaxe vinculado a vivenda unifamiliar illada en Cardelle, San Xoán de Tirimol.

Fóra da orde do día, e tras a declaración de urxencia previa, adóptase o seguinte acordo:

- Acórdase remitir a nova petición de ditame ao Consello Consultivo de Galicia á proposta de resolución definitiva do contrato por incumprimento culpable do contratista e suspensión do procedemento contrato para a subministración de pezas de uniforme e complementarios para a Policía Local.

Lugo, 2 de maio de 2012
O CONCELLEIRO-SECRETARIO,

Asdo.: Lino José González-Doposo García